

CONCRECIÓN CURRICULAR DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

OUTUBRO 2023

CEIP Plurilingüe WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ.



A. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERÁIS DAS ETAPAS AO CONTEXTO DO CENTRO

Entendemos os obxectivos da etapa como os logros que se espera que o alumnado alcance ao finalizar a etapa e cuxa consecución está vinculada á adquisición das competencias clave, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

a. ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL.

- a) Coñecer e respectar o seu propio corpo e o das outras persoas.
- b) Coñecer e explorar as posibilidades do seu corpo e as diferenzas cos demais.
- c) Explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- d) Adquirir progresivamente autonomía, segundo as posibilidades de cada un, nas súas actividades habituais.
- e) Coñecer e desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas
- f) Relacionarse coas demais persoas en igualdade.
- g) Adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, fomentando a igualdade entre persoas de diferente xénero e evitando calquera tipo de violencia.
- h) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- i) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura.
- j) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia.

b. ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

A finalidade da educación primaria é facilitarlle ao alumnado as aprendizaxes básicas que garanten unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade, e de preparalo para cursar con aproveitamento a educación secundaria obrigatoria.

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo.
- c) Potenciar actitudes de confianza en si mesmo, con interese e creatividade na aprendizaxe.
- d) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, de xeito autónomo en calquera contorna na que se relaciona.
- e) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais.
- f) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre persoas.
- g) Coñecer e respectar a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por ningún motivo ou condición.
- h) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- i) Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira competencias comunicativas básicas para desenvolverse en situacións cotiás.
- j) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- k) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.



- l) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe.
- m) Iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais, utilizando diferentes recursos.
- n) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar e respectando o propio corpo e o das outras persoas.
- o) Potenciar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- p) Fomentar a adopción de comportamento que favorezan o coidado do medio ambiente e de todos os seres vivos que o compoñen.
- q) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria.
- r) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia.

B. CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS.

As Competencias clave son os desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais.

A transversalidade é unha condición inherente ao perfil de saída, no sentido de que todas as aprendizaxes contribúen á súa consecución. Da mesma maneira, a adquisición de cada unha das competencias clave contribúe á adquisición de todas as demais. Non existe xerarquía entre elas nin pode establecerse unha correspondencia exclusiva cunha única área, senón que todas se concretan nas aprendizaxes das distintas áreas, ámbitos ou materias e, pola súa vez, se adquiren e desenvolven a partir das aprendizaxes que se producen no seu conxunto.

a. ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL

As dimensións cognitivas ou coñecementos, a instrumental ou destrezas e a actitudinal ou actitudes se integran en accións concretas para resolver de maneira eficaz unha tarefa significativa e contextualizada orientada ao desenvolvemento integral das nenas e dos nenos.

O seu desenvolvemento reforzará as aprendizaxes adquiridas previamente e intensifícase o protagonismo da adquisición de destrezas que contribúan a «aprender a ser» e a «aprender a facer», para avanzar así no camiño cara ao desenvolvemento dun certo grao de autonomía, responsabilidade e iniciativa na realización de tarefas. Todo iso, a través da observación, a escoita activa e o aumento progresivo da actividade a través da experimentación e do xogo.

Polo tanto, é necesario coñecer as súas necesidades, intereses e inquietudes dando resposta en función da súa madurez e do momento vital no que se atopan, proporcionándolles as ferramentas que lles axuden a desenvolverse con maior autonomía. Sempre desde a interacción entre o alumnado e a persoa adulta, co fin de favorecer a inclusión de todo o alumnado, prestaráselle unha especial atención á accesibilidade do material manipulativo na aula.

Así mesmo, o deseño das actividades diarias debe abordarse desde un enfoque que preveña a discriminación e, para asegurar o benestar emocional e fomentar a inclusión social do alumnado con discapacidade.

CCL-Competencia en comunicación lingüística.

Poténcianse intercambios comunicativos respectuosos con outras nenas e outros nenos e coas persoas adultas.



CP-Competencia plurilingüe.

Iníciase o contacto con linguas e culturas distintas da familia.

STEM-Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería.

Iníciase nas destrezas lóxico-matemáticas e dan os primeiros pasos cara ao pensamento científico a través do xogo, da manipulación e da realización de experimentos sinxelos.

CD-Competencia dixital.

Iníciase o proceso de alfabetización dixital, que supón o acceso á información, á comunicación e á creación de contidos a través de medios dixitais, así como o uso saudable e responsable das ferramentas dixitais.

CPSAA-Competencia persoal, social e de aprender a aprender.

Comezan a poñer en marcha, de maneira cada vez máis eficaz, recursos persoais e estratexias que lles axudan a desenvolverse na contorna social cunha progresiva autonomía e a resolver os conflitos a través do diálogo nun contexto integrador e de apoio.

CC-Competencia cidadá.

Ofrécense modelos positivos que favorezan a aprendizaxe de actitudes baseadas nos valores de respecto, equidade, igualdade, inclusión e convivencia e que ofrezan pautas para a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.

CE-Competencia emprendedora.

Estimúlanse a curiosidade, a iniciativa, a imaxinación e a disposición para indagar e crear mediante o xogo, as actividades, os proxectos e outras propostas de aprendizaxe, para potenciar a autonomía e materializar as ideas persoais ou colectivas.

CCEC-Competencia en conciencia e expresión culturais.

Foméntase a expresión creativa de ideas, sentimentos e emocións a través de diversas linguaxes e distintas formas artísticas.

b. ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Con carácter xeral, a consecución das competencias e dos obxectivos previstos na LOE está vinculada á adquisición e ao desenvolvemento das competencias clave recollidas neste perfil de saída, que son as seguintes:

CCL: competencia en comunicación lingüística.

Fomentar a interacción de forma oral, escrita, signada ou multimodal de maneira coherente e adecuada en diferentes ámbitos e contextos e con diferentes propósitos comunicativos.

CP: competencia plurilingüe.

Divulgar e coñecer a utilización de distintas linguas, orais ou signadas, de forma apropiada e eficaz, para a aprendizaxe e a comunicación.

STEM: competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.



A competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (competencia STEM, polas súas siglas en inglés) entraña a comprensión do mundo

Utilizar diferentes métodos, pensamentos e tecnoloxías para mellorar a comprensión do mundo e transformar a contorna.

CD: competencia dixital.

Usar de xeito seguro, crítico e responsable as tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, para o traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas.

CPSAA: competencia persoal, social e de aprender a aprender.

Reflexionar sobre un mesmo para promover o crecemento persoal constante, en colaboración con outros, xestionando o tempo e a información.

CC: competencia cidadá.

Exercer unha cidadanía responsable e participar activamente na vida social e cívica, cunha aproximación conceptual das estruturas sociais, económicas, xurídicas e políticas.

CE: competencia emprendedora.

A competencia emprendedora implica desenvolver un enfoque vital dirixido a necesarios para xerar resultados de valor para outras persoas.

Achega estratexias que permiten actuar sobre oportunidades e ideas, baseadas na información e no coñecemento, e colaborando con outras persoas para levar a cabo a planificación e xestión de diferentes proxectos de valor social, cultural e económico.

CCEC: competencia en conciencia e expresión culturais.

Comprender a propia identidade en evolución, o patrimonio cultural nun mundo caracterizado pola diversidade e o papel que se desempeña na sociedade.

C. CRITERIOS PARA INCORPORAR ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Os contidos transversais a incorporar e traballar no noso centro co alumnado, poderán ser aqueles que contribúan a potenciar as seguintes criterios.

a. EDUCACIÓN INFANTIL

- Atender de xeito progresivo ao desenvolvemento afectivo e xestión emocional do alumno/a.
- Permitir o movemento e hábitos de control corporal.
- Potenciar a comunicación e o linguaxe.
- Desenvolver pautas elementais de convivencia e relación social.
- Explorar e coñecer as posibilidades que ofrece a súa contorna.
- Utilizar un linguaxe sen prexuízos nin estereotipos.
- Educar en valores.



- Educar para un consumo responsable.
- Fomentar hábitos saudables.
- Potenciar a imaxe e autonomía persoal no respecto a diversidade.

b. EDUCACIÓN PRIMARIA

- Fomentar a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e a competencia dixital.
- Promover a igualdade entre mulleres e homes.
- Evitar comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación.
- Utilizar un linguaxe sen prexuízos nin estereotipos.
- Aprender a previr e actuar na resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal.
- Educar para un consumo responsable e protección do medio ambiente.
- Desenvolver unha educación baseada na saúde.
- Promover a educación emocional e en valores.
- Potenciar a autonomía, iniciativa, o traballo en equipo e a confianza nun mesmo.
- Fomentar a calidade, equidade e inclusión educativa das persoas con discapacidade,
- Coñecer as situacións de risco derivadas da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Coñecer e promover a incorporación de comportamentos axeitados de respecto en educación viaria.

D. CRITERIOS XERAIS SOBRE A METODOLOXÍA

A Metodoloxía didáctica é: o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.

a. EDUCACIÓN INFANTIL

- A práctica educativa buscará desenvolver e asentir progresivamente as bases que faciliten o máximo desenvolvemento de cada nena/o. Ademais, deberá levarse a cabo nun ambiente de afecto e confianza para potenciar a súa autoestima e integración social, e o establecemento dun apego seguro.
- Dita práctica basearase en experiencias de aprendizaxe significativas e emocionalmente positivas, e na experimentación e o xogo. Nese sentido, as áreas deben entenderse como ámbitos de experiencia intrinsecamente relacionados entre si e que teñan interese e significado para as nenas e os nenos.
- A partir deste traballo baseado nas experiencias, actividades e xogo manipulativo poderase favorecer unha primeira aproximación á:
 - Lectura e á escritura.
 - Experiencias de iniciación temperá en habilidades numéricas básicas.
 - Uso das tecnoloxías da información e da comunicación.
 - Expresión visual e musical.
 - Á lingua estranxeira



b. EDUCACIÓN PRIMARIA

- A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.
- A atención o máis individualizada posible do alumnado, axudará na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.
- Os mecanismos de reforzo, que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo. A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave.
- Usaremos, preferentemente, metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.
- A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.
- Diseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.
- A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave, é por iso que se incorpora un tempo diario de lectura para todo o alumnado.
- Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas.
- Se eliminará calquera libro ou material educativo que conteña contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.

E. CRITERIOS XERAIS SOBRE OS MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os criterios de selección dos materiais curriculares que sexan adoptados polos equipos docentes seguen un conxunto de criterios homoxéneos que proporcionan resposta efectiva ás propostas xerais de intervención educativa. De tal modo, establécense oito criterios o directrices xerais:

- Adecuación ao contexto educativo do centro.
- Correspondencia dos obxectivos promovidos cos enunciados na concreción curricular.
- Coherencia dos contidos propostos con os obxectivos.
- A acertada progresión dos contidos e obxectivos, a súa correspondencia co nivel e á lóxica interna de cada área.
- A adecuación aos criterios de avaliación do centro.
- A variedade das actividades, diferente tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.



- A innovación e adecuación dos materiais e recursos ao nivel e área/s onde se van a utilizar.
- A existencia doutros recursos que facilitan a actividade educativa.

Atendendo a todos eles, establecemos unha serie de pautas concretas que dirixirán a nosa selección e que están plasmadas nos seguintes indicadores de valoración de materiais curriculares.

- Encádrase con coherencia na Concreción curricular e PEC do centro..
- Cobre os obxectivos do currículo.
- Os obxectivos están claramente explicitados.
- Os contidos seleccionados contribúen ao logro dos obxectivos.
- A selección de contidos está adecuada ao nivel de desenvolvemento psicoevolutivo dos alumnos.
- A progresión é adecuada.
- Contribúese ao desenvolvemento das competencias claves.
- Parte dos coñecementos previos dos alumnos.
- Asegura a realización de aprendizaxes significativas.
- Promove a motivación cara ao estudo e a aprendizaxe.
- Potencia o uso das técnicas de traballo intelectual.
- Presenta actividades de reforzo e de ampliación.
- A cantidade de actividades é suficiente.
- Permiten a atención á diversidade.
- As actividades están ben diferenciadas dos contidos.
- As informacións son exactas, actuais e cientificamente rigorosas.
- A información e as explicacións dos conceptos exprésanse con claridade.
- Facilita a comprensión mediante unha adecuada organización das ideas, destacando as principais sobre as secundarias.
- A linguaxe está adaptada ao nivel.
- As imaxes aportan aclaracións ou ampliacións ao texto
- A disposición dos elementos nas páxinas aparece clara e ben diferenciada.
- O aspecto xeral do material resulta agradable e atractivo para o alumno.
- Presenta materiais complementarios que facilitan o desenvolvemento do proceso docente.

F. CRITERIOS DE OFERTA EDUCATIVA.

As ensinanzas de relixión inclúense de acordo co establecido na disposición adicional segunda da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Ao comezo do curso, as nais, os pais ou as persoas titoras legais poderán manifestar a súa vontade de que as súas fillas, os seus fillos ou as persoas que tutelen reciban ou non ensinanzas de relixión. O alumnado que non curse ensinanzas de relixión recibirá a debida atención educativa a través da área de Proxecto Competencial.

O proxecto competencial se dirixe ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas.



G. CRITERIOS PARA O DESEÑO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Son as actividades que realizamos co alumnado en horario lectivo (pode incluso estenderse ao horario de tardes) e que forman parte da programación. Diferéncianse polo momento, espazo e recursos a utilizar. Deberán figurar na programación xeral anual do centro.

O proceso de selección de actividades é o seguinte:

- Ao inicio de curso, correspóndelle ao Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares promover e facilitar este tipo de actividades coa cooperación dos equipos docentes.
- Correspóndelle a cada titor/a, a organización das actividades complementarias dos seus alumnos/as coa colaboración dos Equipos de ciclo.
- Elaborarán o programa anual das actividades que se incorporará a PXA e coordinarán a organización de todo tipo de actividades e/ou saídas que se fagan co alumnado.
- O programa poderá anexar unha planificación que conterá os datos fundamentais de cada actividade. Antes da realización de cada actividade informarase ás familias.
- Os outros mestres/as que impartan docencia nun curso, poderán organizar actividades con ese grupo de alumnos/as informando ao titor/a e de acordo co Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.

Os criterios de selección son os seguintes:

1. Celebración no centro das conmemoracións publicadas na Orde pola que se aproba o calendario escolar para cada curso nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Que estean vinculadas ao currículo educativo e polo tanto favorezan aprendizaxes significativos ao alumnado.
3. Que estean axeitadas á idade do alumnado e ao curso no que se atopa.
4. Que se podan desenvolver polo propio profesorado do centro sen colaboración externa.
5. Ofertadas ao centro polo Concello de A Coruña.
6. Que a propia actividade sexa gratuíta.
7. Ofertadas por outras Entidades ou Asociacións.

H. CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS DE REFORZO/RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO QUE PROMOCIONE CON MATERIAS, ÁMBITOS OU MÓDULOS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES.

CRITERIOS DE ACTUACIÓN.

- A normativa fixa a obrigatoriedade para o mestre de entregar ao/á alumno/a un programa de recuperación onde figuren os contidos que deberá dominar para acadar o aprobado da materia ou materias de que se trate.
- Este traballo entregárase no mes de xuño. Existe un modelo que figura nos Anexos a este plan para cumprimentar polo mestre segundo os termos da normativa da avaliación vixente
- O período de desenvolvemento de ditos contidos será ao longo do curso seguinte.
- O programa deberá recoller o método, o tipo de avaliación e o profesorado encargado de levalo a cabo.



- O resultado da mesma aparecerá na avaliación do XADE como pendente ou coma superada.
- Se o/a titor/a considerase que a causa de non acadar os contidos do currículo puidese ser consecuencia dunhas circunstancias específicas que precisasen dunha avaliación por parte do/a xefe do Departamento de Orientación, poderá solicitar a súa intervención mediante o modelo aprobado no PXAD.

I. CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS ESPECÍFICOS DE REFORZO PARA O ALUMNADO QUE DEBA PERMANECER UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO.

CRITERIOS DE ACTUACIÓN.

- O/A profesor/a titor/a deberá deixar constancia escrita das causas polas que o/a alumno/a non foi quen de continuar o currículo esperable do seu nivel. Existe un modelo nos Anexos do PXAD do centro.
- Será necesario elaborar as liñas de atención a ese/a alumno/a que atendan a remover os obstáculos que causaron que o /a alumno/a non promocionase. Poderase pedir axuda a/ao xefe /a do Departamento de Orientación.
- Existe algún modelo de Plan específico de recuperación que pode axudar a esta tarefa para que o/a titor/a poda reflectir o traballado e facer seguimento do mesmo.
- Se o alumno /a tivera apoios de PT ou AL nese curso, recolleranse os seus informes de avaliacións para axudar a concretar as áreas nas que se estivo a traballar e valorar as competencias e contidos acadados.
- Se precisase continuar con eses apoios expresarase así no informe de recuperación e reforzo.
- Se non tivese os apoios mencionados, e se considerase que precisara un estudo e informe psicopedagóxico, solicitarase no modelo previsto no PXAD a/ao xefe/a do Departamento de Orientación que realice a súa avaliación.

J. CRITERIOS XERÁIS PARA A AVALIACIÓN E PROMOCIÓN.

a. EVALUACIÓN

A finalidade da avaliación é mellorar a calidade da educación, garantindo a equidade, aumentando a transparencia do sistema a través da información aportada sobre o grao de consecución das competencias clave.

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das áreas e da etapa na avaliación das áreas serán os criterios de avaliación que figuran no anexo II do decreto polo que se establece a ordenación do currículo da etapa correspondente na Comunidade Autónoma de Galicia.

i. EDUCACIÓN INFANTIL

- A avaliación será global, continua e formativa. A valoración do proceso de aprendizaxe farase de xeito cualitativo tendo en conta os progresos do alumno/a.
- Estará orientada a identificar as condicións iniciais individuais e o ritmo e as características da evolución de cada nena/o.
- Promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado. Nese sentido, a observación directa e sistemática constituirá a principal técnica do proceso de avaliación.
- Deberá contribuír a mellorar o proceso de ensino e aprendizaxe mediante a valoración da pertinencia das estratexias metodolóxicas e dos recursos utilizados.



- O profesorado avaliará a súa propia práctica educativa, para o que establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.
- O equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, levará a cabo a avaliación final do alumnado de forma colexiada nunha única sesión, que terá lugar ao finalizar o curso escolar.

ii. EDUCACIÓN PRIMARIA

- Os referentes no caso do alumnado con adaptación curricular para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das áreas e da etapa na avaliación das áreas, serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirlle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.
- A avaliación do alumnado será global, continua e formativa e será un instrumento para a mellorados procesos de ensino e de aprendizaxe
- Cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan axiña como se detecten as dificultades
- Promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado.
- O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.
- Ao finalizar o período lectivo do curso académico, o equipo docente, coordinado pola titora ou titor do grupo, valorará, de forma colexiada, o progreso do alumnado nunha única sesión de avaliación.

b. PROMOCIÓN

Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado.

A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase o curso anterior.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento.

Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias clave correspondentes.



A decisión de permanencia no mesmo curso só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas titoras legais, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias clave de cada alumna ou alumno, no cal indique, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo ou na etapa seguinte.

Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe sobre a súa evolución e o grao de desenvolvemento das competencias clave.

K. CRITERIOS XERAIS DE OUTORGAMENTO DE MATRÍCULAS DE HONOR.

Os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen unha nota media no conxunto de materias superior ao 9,5 ao rematar educación primaria e que demostren un rendemento académico excelente.

A proposta de «Mención honorífica» farase constar na acta de avaliación

L. DECISIONS E CRITERIOS XERÁIS PARA A ELABORACIÓN E AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.

Os centros docentes desenvolverán o currículo mediante a elaboración das correspondentes programacións didácticas do profesorado para cada unha das áreas seguindo as decisións e criterios xerais establecidas na concreción curricular.

As programacións didácticas das áreas incluirán, como mínimo, os seguintes elementos:

1. Introducción
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias
 - 3.1. Relación de unidades didácticas
 - 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas
 - 3.3. Avaliación das unidades didácticas
 - 4.1. Concrecións metodolóxicas
 - 4.2. Materiais e recursos didácticos
 - 5.1. Procedemento para a avaliación inicial
 - 5.2. Criterios de cualificación e recuperación
 - 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentas
 - 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias



6. Medidas de atención á diversidade

7.1. Concreción dos elementos transversais

7.2. Actividades complementarias

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

M. CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN DO CENTRO EN PROXECTOS, PLAN E PROGRAMAS.

Para a selección e participación en proxectos, plans e programas ofertados ao centro, deberemos ter en conta os seguintes criterios:

- Debe estar relacionada co currículo.
- Ser de interés para o centro, o seu profesorado e alumnado.
- Ter un/s responsable/s da proposta no claustro de mestres/as.
- Ser viable a súa aplicación no centro en canto a recursos materiais, persoais e económicos.
- Poda manterse no tempo, compromiso coas condicións na súa aceptación.
- Informar e aprobar a proposta no claustro de profesores.
- Presentar e aprobar en Consello Escolar, sempre que sexa necesario.

Na actualidade, o centro participa na aplicación de diversos programas:

- PFPP (Plans de Formación Permanente do Profesorado)
 - Diversidade.
 - Polos Creativos.
 - Bibliotecas Escolares
- Contratos Programa: PROA+ (3º/4º/5º/6º de Ed. Primaria)
- Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares. PlanB.
- Educación Dixital. Edixgal (Alumnado de 5º e 6º de Ed. Primaria)
- Plan de Lectura. Dispoñemos dun plan de lectura coa finalidade de promover unha primeira aproximación á lectura, que se concretará anualmente na programación xeral anual. A biblioteca escolar será un punto de encontro e servirá como instrumento de apoio para o desenvolvemento do plan de lectura.
- Plan dixital. É un instrumento para mellorar o desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa, o uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino e aprendizaxe.

Tendo en conta a seguinte normativa relacionada con plan educativos:

- DECRETO 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- DECRETO 155/2022, de 8 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia 150/2022.



- ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- ORDEN de 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

O colexio recollera nos seus diferentes documentos de centro, co obxectivo de reforzar e complementar o aprendizaxe curricular do alumnado, así como as súas competencias nas diferentes etapas e ciclos de ensino, os seguintes plans:

- Plan de lectura. (Responsable: titor/a de aula)
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaoacorunha/system/files/u2/pdf%20p%20lector%202020%20final.pdf>
- Plan de biblioteca . (Responsable: Coordinadora de biblioteca escolar)
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaoacorunha/system/files/u2/Plan%20Biblioteca%20final%202020.pdf>
- Plan dixital. (Coordinador das TIC do centro)
<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaoacorunha/system/files/Plan%20Dixital.%20Xu%C3%B1o%202022.pdf>
- Plan de actividade física e hábitos saudables. (Coordinadora do Departamento de EF)

Na actualidade temos todo os plans elaborados e desenvolvéndose no centro escolar, agas o Plan de actividade física e hábitos saudables que estamos elaborando para a súa posta en marcha ao longo do primeiro trimestre deste curso escolar 23-24.

A distribución e temporalización deste novo plan, exige unha pequena reorganización de espazos e tempos de actividade, polo que reestructuramos a distribución horaria do desenvolvemento do Plan Lector do centro nas dúas etapas de xeito que:

- Ed. Infantil:
 - Continúase co plan lector ao menos 15 minutos diarios, pero encaixados ao longo do día, segundo o criterio das titoras. O alumnado estará acompañado polas titoras durante estas actividades.
- Ed. Primaria:
 - O profesorado dos diferentes grupos de primaria adicarán un tempo específico a 3º e /ou 4 hora no desenvolvemento dalgunha das áreas para o fomento e promoción da lectura, a escritura e as habilidades no uso, tratamento e produción da información.

Mentras que o diseno do plan de actividade física e hábitos saudables quedaría provisionalmente (estando á espera da elaboración final e posterior publicación do propio documento) do seguinte xeito para a súa aplicación nas diferentes etapas:

- Ed. Infantil:
 - Os días que teñen Psicomotricidade (un en cada aula) poderían dedicalo, igualmente, á realización de actividade física e fomento de hábitos saudables segundo 2 liñas de actuacións (segundo o cadro adxunto), sempre e cando se continúe co plan lector de al menos 15 minutos diarios.



1. Fomento de actividade física	<ul style="list-style-type: none"> Utilizar o xogo de tipo aeróbico como instrumento de activación, de descarga... 	<ul style="list-style-type: none"> Bailes Circuitos Carreiras Escalera braquial...
	<ul style="list-style-type: none"> Traballar o control emocional, a relaxación, a concentración... a través do propio corpo e a respiración. 	<ul style="list-style-type: none"> Ioga Mindfulness Relaxación Xogos de equilibrio...
2. Fomento de hábitos saudables	<ul style="list-style-type: none"> Valorar e potenciar unha dieta saudable 	<ul style="list-style-type: none"> Almorzo saudable Coidado do horto escolar

- Os espazos dedicados ao fomento da actividade física e hábitos saudables serán as aulas, horto escolar, ximnasio de EI e patio cuberto (4º e 5º de EI) . As aulas de 6ºEI subirán a facer actividade física ao ximnasio de primaria segundo o horario establecido no patio de primaria, deste xeito non coincidirán.
- De existir incompatibilidade , no caso do recreo de 6º de EI con algún curso de primaria no uso do ximnasio os días de chuvia (de 11:40 a 12:10), terá prioridade 6º de EI no seu uso , mentres que os cursos de primaria que nesa franxa horaria realizan actividade física utilizarían outros espazos.

- Ed. Primaria:

- Os días de Ed. Física xa garantimos que o alumnado durante dous días vai facer exercicio físico.
- O profesorado dos diferentes grupos de primaria, nos outros tres días da semana realizarían, entre outras, as seguintes actividades segundo o ciclo educativo:
 - 1º ciclo:
 - Na aula exercicios de mindfulness e relaxación.
 - No ximnasio/patio de cole, xogos dirixidos.
 - Na aula o no xardín, baile e coidado do horto escolar.
 - 2º ciclo:
 - Na aula exercicios de mindfulness e relaxación.
 - No ximnasio/patio de cole, xogos dirixidos.
 - Na aula o no xardín, baile e coidado do horto escolar.
 - 3º ciclo:
 - Na aula exercicios de relaxación/baile.
 - No ximnasio/patio de cole, xogos dirixidos.
 - Na aula, programa de merenda saudable.



N. O PROCEDIMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA CONCRECCIÓN CURRICULAR

a. Procedemento de revisión.

- Cada catro anos ou cando a lexislación vixente así o requira.
- Cando sexa necesario un axuste ou concreción entre o currículo e o enfoque do proceso de ensino-aprendizaxe do centro.

b. Avaliación.

Revisaranse unha serie de ítems para valorar a necesidade ou non de modificación:

- Adecuación dos obxectivos xerais de etapa ao centro.
- Grao de adquisición das competencias en cada etapa.
- Relación entre o PEC e a concreción curricular.
- Adecuación entre a concreción curricular e as programacións didácticas.
- Adecuación da metodoloxía utilizada en cada etapa.
- Adecuación da atención a diversidade do alumnado.
- Adecuación dos criterios xerais de avaliación e promoción de etapa.

c. Modificación

- Sempre que despois dunha revisión se considere necesaria a súa revisión.
- Recollida polos equipos de ciclo.
- Presentada e aprobada en Claustro.

O. ANEXOS



Anexo I. PLAN DE MEDIDAS DE REFORZO EDUCATIVO

Datos identificativos do alumno/a:

Alumno/a:.....

Data de nacemento:

Nivel e curso:

Titor/a:

Motivo fundamental do reforzo:

	Continuidade R.E. anterior.
	Materias non superadas.
	Permanencia un ano máis no nivel.
	Indicacións do informe psicopedagógico.
	Resultados da avaliación inicial.
	Lentitude na realización das tarefas.
	Dificultades de atención.
	Escasa implicación e traballo persoal
	OUTROS (<i>especificar</i>):

Organización do reforzo:

Profesorado de apoio:	
Data de comezo:	
Materias obxecto de reforzo	Ciencias Naturais
	Ciencias Sociais
	Lingua Castelá
	Lingua Galega
	Matemáticas
	Lingua estranxeira: inglés



Tipo de apoio:	Individual na aula ordinaria				
	En grupo na aula ordinaria				
	Individual fóra da aula ordinaria				
	En grupo fóra da aula ordinaria				
Horario:	LUNS	MARTES	MÉRCOLES	XOVES	VENRES
1ª hora					
2ª hora					
3ª hora					
4ª hora					
5ª hora					

Aspectos prioritarios a reforzar:

	Expresión oral en Lingua Galega / Lingua Castelá
	Expresión escrita en Lingua Galega / Lingua Castelá
	Comprensión oral en Lingua Galega / Lingua Castelá
	Comprensión escrita en Lingua Galega / Lingua Castelá
	Caligrafía
	Ortografía
	Dicción e pronuncia
	Cálculo e manexo dos distintos algoritmos matemáticos
	Razoamento matemático e resolución de problemas
	Estratexias de aprendizaxe e técnicas de estudo
	Estratexias de motivación
	Integración e habilidades sociais
	Autoestima persoal, escolar e social
	OUTROS (<i>Especificar</i>):



Materiais empregados(*especificar*):

	Materiais propios da materia:
	Materiais específicos de reforzo adquiridos:
	Materiais específicos de reforzo elaborados:

Metodoloxía:

Para a súa definición terase en conta:

- **As necesidades e características individuais do alumnado.**
- **A programación de cada área.**
- **O establecido no Plan de Atención a Diversidade**
- **Outros condicionantes (espazos, recursos...)**

As pautas tidas en conta son:

a) Na programación de cada área contemplando a atención á diversidade:

- 1. Procedemento para a avaliación inicial.*
- 2. Obxectivos didácticos adaptados ao nivel de competencia e orientados ás competencias básicas.*
- 3. Contidos en función dos obxectivos e priorizando estratexias e procedementos.*
- 4. Criterios de avaliación orientados aos obxectivos previstos.*
- 5. Actividades variadas e adaptadas aos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe.*
- 6. Materiais: variados e diversificados, para distintos niveis, ritmos e intereses.*

b) Na selección e realización das actividades:

- 1. Dificultade adaptada e progresiva.*
- 2. Con distintos tipos de agrupamento.*



3. *Empregando diversos espazos e recursos.*
4. *Dentro e fóra da aula.*
5. *Favorecendo o uso das TIC.*
6. *Buscando a integración co resto de compañeiros.*
7. *Que favorezan e promovan a coordinación entre distintas aulas do mesmo nivel.*

c) *Na avaliación:*

1. *Buscando a participación do alumno na propia avaliación.*
2. *Favorecendo o traballo cooperativo que promove obxectivos comúns e diversas formas de avaliación.*
3. *Establecendo criterios adaptados aos obxectivos previstos e que informen do nivel de dominio das competencias básicas.*

As medidas educativas adoptadas poderán ser tanto organizativas como curriculares e se concretan en:

	Explicacións individuais moi frecuentes.
	Axudas gráficas ou visuais.
	Redución de tarefas complexas.
	Presentación dos contidos cunha secuencia máis ampla.
	Fichas específicas dalgún aspecto concreto.
	Explicacións complementarias.
	Avaliacións orais e/ou escritas.
	Axuda personalizada por parte doutro mestre/a na propia aula.
	Asistencia ás aulas de apoio.
	Traballo en pequeno grupo dentro ou fóra da aula.
	Traballo específico de modificación de conduta.
	Ampliación dos tempos de execución.
	OUTRAS (especificar):

Instrumentos de avaliación:



	Observación sistemático do ritmo de aprendizaxe e da actitude cara á aprendizaxe en distintas actividades.
	Análise da súa produción: pequenos traballos de investigación, resumos e esquemas, traballos de aplicación e síntese, caderno de clase (físico e/ou dixital), textos escritos, exposicións e producións orais...
	Intercambios orais cos alumnos: diálogos, entrevistas, postas en común...
	Probas específicas: obxectivas, abertas, exposición dun tema, resolución de exercicios, controis orais ou escritos...
	OUTROS (<i>especificar</i>):

Coordinación entre o profesorado implicado e outros aspectos a destacar:

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

En, a de..... de 20....

Asinado:



ANEXO II:

INFORME INDIVIDUAL FINAL DE CURSO SOBRE AS MEDIDAS DE REFORZO EDUCATIVO (RE)

CURSO: 20 – 20

DATOS DA ALUMNA OU ALUMNO

<input type="checkbox"/> Nome e apelidos:	<input type="checkbox"/> Data de nacemento:	
<input type="checkbox"/> Curso:	<input type="checkbox"/> Grupo:	<input type="checkbox"/> Titor/a:

DATOS DA ÁREA

Área:
Profesorado da área:

DATOS DO REFORZO EDUCATIVO

<input type="checkbox"/> DATA DE COMENZO DO RE : _____	<input type="checkbox"/> DATA DE FINALIZACIÓN DO RE : _____
---	--

MOTIVO:

<input type="checkbox"/> Continuidade do RE do curso anterior	<input type="checkbox"/> Materias non superadas
<input type="checkbox"/> Indicacións do informe psicopedagóxico	<input type="checkbox"/> Resultados da avaliación inicial
<input type="checkbox"/> Lentitude na realización das tarefas	<input type="checkbox"/> Dificultades de atención
<input type="checkbox"/> Escasa implicación e traballo persoal	<input type="checkbox"/> Desfase curricular de menos de 2 anos



Fora do horario lectivo (tarefas para casa)

RECURSOS PERSOAIS

O profesorado titor

O profesorado con disponibilidad horaria

Os/as compañeiros/as

AVALIACIÓN

Cómo se avaliaban? (correxían):

VALORACIÓN FINAL DAS MEDIDAS DE RE:

Acadáronse os obxetivos previstos nelas.

Foron eficaces, pero a melloría non se extrapolaba ao traballo diario.

PREVISIÓN PARA O SEGUINTE CURSO

Considero que o curso próximo, pode verse beneficiada/o por medidas regulares de reforzo educativo nesta área

Considero que o curso próximo, **NON** é necesario que reciba medidas regulares de reforzo educativo nesta área

A Coruña, _____ de Xuño de 20

O/a profesor/a titor/a,

O/a profesor/a que realizou o reforzo

Asdo.: _____

Asdo.: _____



ANEXO III PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO PARA O ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO

Titor:	Curso:
--------	--------

DATOS DO ALUMNO/A

Apelidos:	Nome:
Necesidades educativas que motivaron a sua permanencia un ano máis no mesmo curso:	
<input type="checkbox"/> Comprensión oral/escrita <input type="checkbox"/> Expresión oral/escrita <input type="checkbox"/> Razoamento <input type="checkbox"/> Atención <input type="checkbox"/> Organización e planificación <input type="checkbox"/> Cálculo e resolución de problemas <input type="checkbox"/> Conduta <input type="checkbox"/> Motivación <input type="checkbox"/> Outras (especificar):	
Medidas aplicadas o curso anterior:	
<u>Ordinarias:</u>	
<input type="checkbox"/> Adecuación da estrutura organizativa <input type="checkbox"/> Adecuación da programación didáctica <input type="checkbox"/> Metodoloxías que promoven a inclusión <input type="checkbox"/> Reforzo educativo <input type="checkbox"/> Apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria. <input type="checkbox"/> Adaptación de tempos, instrumentos e/ou procedementos de avaliación.	
<u>Extraordinarias:</u>	
<input type="checkbox"/> Adaptación curricular. <input type="checkbox"/> GAL <input type="checkbox"/> GACC <input type="checkbox"/> Agrupamentos flexibles <input type="checkbox"/> Flexibilización do período de escolarización <input type="checkbox"/> Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica. <input type="checkbox"/> Apoio do profesorado especialista en Audición e Linguaxe. <input type="checkbox"/> Outras (especificar):	



RAZÓNS QUE XUSTIFICAN A IMPLEMENTACIÓN DO PLAN

De conformidade co **artigo 50** da **Orde do 8 de setembro de 2021** pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, cando unha alumna ou un alumno de educación primaria permaneza un ano máis no mesmo curso, debe seguir un plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS QUE SE UTILIZARAN NO DESENVOLVEMENTO DO PLAN

- Inicio das situacións de aprendizaxe partindo dos seus coñecementos previos.
- Planificación das sesións tendo en conta a todo o alumnado
- Aprendizaxe colaborativo (colaboran grupalmente para comprender conceptos que se lles presentan)
- Aprendizaxe cooperativo (axúdanse entre eles para chegar a unha meta común; diferentes responsabilidades)
- Ensino multinivel
- Traballo por proxectos
- Traballo por recunchos
- Tutoría entre iguais (apoio mutuo entre compañeiros)
- Desdoblamento de grupos
- Uso de reforzos e Apoio visual na instrucción oral
- Alternancia de actividades teóricas con traballo práctico.
- Emprego de instrucións, tanto orais como escritas, claras, concisas e secuenciadas en pasos.
- Redución e fragmentación de actividades longas.
- Supervisión continua da comprensión e execución.
- Adecuación do formato das actividades e/ou probas de avaliación: suficiente espazo entre as preguntas, tipoloxía de letra (sarakanda, arial, etc., tamaño -12 ou 14, interlineado -1,5 ou 2) palabras clave resaltadas (negritas en lugar de subliñados e cursivas).
- Adaptación dos tempos nas actividades e probas de avaliación (máis tempo e dámosllas unha por unha)
- No texto dos exames e/ou actividades, salientamos as partes máis importantes de cada cuestión e, no caso de preguntas complexas, diferenciamos ben cada tarefa.
- Complementamos os exames escritos de forma oral, cando se observa que están incompletos.
- Outras (especificar):



RECURSOS NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN

Humanos:

- Profesorado titor Profesorado dispoñibilidade horaria
- Outros (especificar):

Materiais:

- Material manipulativo (bloques, legos, plastilina, monedas, puzzles...)
- Libro de texto (especificar):
- Materiais de elaboración propia (especificar)
- TICS/APPS (especificar).
- Outros (especificar):

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS NECESARIAS PARA O PRESENTE CURSO

- Adaptación curricular. GAL GACC
- Agrupamentos flexibles Flexibilización do período de escolarización
- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica.
- Apoio do profesorado especialista en Audición e Linguaxe.
- Outras (especificar):

A familia/titores legais foron informados das necesidades educativas e das medidas de atención á diversidade que se van a aplicar en relación ao seu fillo/a, concretamente no referido ao presente plan de PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO SI NON

Asinado, o/a titor/a: _____



SEGUIMIENTO

1º Avaliación

- Vai conseguindo un adecuado grao de adquisición das competencias e logro dos obxectivos
- Son necesarios os seguintes axustes:

2º Avaliación

- Vai conseguindo un adecuado grao de adquisición das competencias e logro dos obxectivos
- Son necesarios os seguintes axustes:

3º Avaliación

- Consegue un adecuado grao de adquisición das competencias e logro dos obxectivos
- Son necesarios os seguintes axustes